


DOG



**XUNTA
DE GALICIA**

DOG Núm. 138

Luns, 19 de xullo de 2004

Páx. 10.255

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

DECRETO 156/2004, do 1 de xullo, polo que se acorda a creación da Academia de Farmacia de Galicia.

A constitución da Sección Galicia da Real Academia de Farmacia de Galicia tivo lugar o 4 de novembro de 1992. A súa finalidade primordial é acadar mellores resultados no desenvolvemento e na difusión das ciencias farmacéuticas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía para Galicia, no seu artigo 27, número 19, atribúe aos poderes públicos de Galicia o fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución. Co fin de proceder ao exercicio efectivo das anteriores competencias e tendo en conta o importante labor que o fomento da cultura e da investigación realizan as academias, estas foron obxecto de regulación polos decretos 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia das funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia.

O Instituto de España e a Real Academia de Farmacia acordan emitir informe favorable da solicitude da Sección Galicia da Real Academia de Farmacia de Galicia para constituír a Academia de Farmacia de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de xullo de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créase a Academia de Farmacia de Galicia que se rexerá polos estatutos que figuran como anexo a este decreto.

Artigo 2º

A Academia de Farmacia de Galicia queda adscrita á Consellería de Sanidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e o conselleiro de Sanidade para que no ámbito das súas competencias, ditén as disposicións necesarias para o cumprimento do establecido neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, un de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Jaime Pita Varela

**Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública**